

Antón, o pai de Henrique, un neno de sete anos, vai conducindo desde Santiago ata Vigo.

Henrique, o neno, vai canda el no coche.

Chegando a Vigo ocorre un terrible accidente. Antón, o pai, morre no acto, pero o neno segue con vida. Unha ambulancia trasládao a un hospital vigués.

Os médicos do hospital aténdeno o mellor que poden pero, dado que o caso é especialmente grave, deciden consultar. Póñense en contacto co Hospital Universitario de Santiago e finalmente falan cunha eminencia da Facultade de Medicina.

O estado do neno non aconsella o seu traslado, de modo que a eminencia de Santiago decide desprazarse ata Vigo.

Cando chega, os médicos do hospital de Vigo expóñenlle o caso e agradécenlle que se trasladase aló con tanta urxencia. De feito un dos facultativos pregúntalle sorprendido polo seu interese no caso...

E obtén a seguinte resposta:

NÚÑEZ SINGALA, M. Eu falei,
por que non? Galacia, Vigo,
2009.